

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN DA XUNTA DE GALICIA E O CENTRO PONTEVEDRÉS SOCIAL Y DEPORTIVO DE MONTEVIDEO PARA A ACTUACIÓN URXENTE NO TEITO DA SEDE SOCIAL

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral da Emigración da Secretaría Xeral da Emigración, **DECLARA:**

Que esta Secretaría Xeral da Emigración ten previsto formalizar co Centro Pontevedrés Social y Deportivo de Montevideo o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte ao da súa sinatura ata o 22 de decembro de 2023.

Que o instrumento convencional ten por obxecto a actuación urxente no teito da sede social do Centro Pontevedrés Social y Deportivo de Montevideo, para reparar a parte afectada.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

O Centro Pontevedrés Social y Deportivo de Montevideo é unha entidade sen ánimo de lucro fundada en 1958 e inscrita no Rexistro da Galeguidade como centro colaborador da galeguidade, que ten entre os seus obxectivos contribuír ao estudo e coñecemento da historia, costumes e cultura de Galicia.

A entidade conta cun inmovble en propiedade situado na rúa Francisco Gómez, 965-11700 Montevideo (Uruguai), no que ten establecida a súa sede social.

O teito do inmovble ten filtracións que están a afectar a distintas dependencias e ao mobiliario e son susceptibles de afectar tamén a instalación eléctrica, facendo necesario acometer de modo urxente a substitución da parte do tellado afectada.

A Secretaría Xeral da Emigración considera que esta entidade é a institución idónea para o outorgamento desta axuda de carácter singular e excepcional, que non se enmarca dentro dunha actuación xeneralizada de axudas para este tipo de actividades, baseándose no disposto no artigo 19.4 c) da Lei



9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e non é posible promover a concorrencia pública.

A importancia desta entidade para a colectividade galega que reside en Uruguai xustifica o interese público para a concesión directa e extraordinaria da subvención obxecto deste convenio por parte da Secretaría Xeral da Emigración ao abeiro do disposto no citado artigo 19.4 c) da Lei 9/2007.

A Secretaría Xeral da Emigración achegará unha contía de once mil euros (11.000 €) para financiar as accións recollidas no convenio, con cargo á aplicación orzamentaria 04.30.312C.781.0 (código de proxecto 2015 00039), dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a sinatura dun contrato dos contemplados no Texto da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e co fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Para que conste, asínase de xeito dixital esta memoria, en Santiago de Compostela

O secretario xeral da Emigración

Antonio Rodríguez Miranda

